

**ACTA XUNTA DIRECTIVA
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “AVINZA GDR 15”
O DÍA 23 DE MAIO DE 2012**

Asisten:

PRESIDENTE

D. Francisco García Suárez

VICEPRESIDENTE 3º

Da. Yolanda Quintas Salgado

SECRETARIO

D. Francisco Xabier Oviedo Rodríguez

VICESECRETARIA

Da. Rosa María Pereira Vázquez

TESOUREIRO

D José Manuel Fernández Gómez

VOGAIS

D. Xoán Xosé Jardón Pedras

D. José Luis Gavilanes Losada representado
por Benilde Vázquez Martínez.

Da. Mª Ángeles Gil Selas

Da. Mª Carmen Pérez Selas

D. José Benito Grande Rodríguez

D. Xosé Antón Calviño Martínez representado
por Eva Vila Sobrino

No Salón de Actos do Centro de Promoción Económica de Allariz, sito na rúa Portelo 4, cando son as 17:05 horas do día 23 de maio de 2012, previamente convocados/as, reuníronse os Sres./as. á marxe relacionados/as, baixo a presidencia do Sr. Francisco García Suárez, constituídos *en Xunta Directiva* a fin de celebrar unha sesión ordinaria da Asociación AVINZA GDR 15, para tratar os asuntos que a continuación se detallan como orde do día.

ORDE DO DÍA

Ao comezo da reunión fáiselles entrega a todos os asistentes dun informe dos temas a tratar, adxunto a esta acta.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A acta da sesión anterior foi enviada aos socios por correo certificado acompañando á convocatoria e tamén adxunta a o correo electrónico enviado aos membros da Xunta Directiva. Os asistentes aproban por unanimidade a acta da xuntanza do 1 de marzo de 2012.

2. Acordo, se procede, da selección de proxectos.

O presidente fai lectura dos proxectos que neste momentos están en trámites para a súa aprobación:

Título:	Leite ecolóxico
----------------	------------------------

Nº expediente:	L11-41100-15-0027
Promotor:	SAT TORNEIROS XUGA 595
Resumo:	Rehabilitación de instalación e compra de maquinaria para proceder ao envasado de leite ecolóxica.
Orzamento presentado	65.778,9 €
Orzamento aceptado	38.474,0 €
% Axuda	45 %
Importe da axuda	17.313,30 €
Concello	Allariz
Certificación	2012 (100%)

Título:	Producción de cervexa artesán
Nº expediente:	L11-41100-15-0034
Promotor:	S.L. DAMA ALARICANA
Resumo:	Rehabilitación de instalacións e equipamento para produción e envasado de cervexa artesán.
Orzamento presentado	66.594,74 €
Orzamento aceptado	56.436,24€
% Axuda	37,80%
Importe da axuda	21332,90 €
Concello	Allariz
Certificación	2012 (100%)

Título:	Xardinaría Allariz
Nº expediente:	L10-41300-15-0022

Promotor:	Xardinería Allariz SL
Resumo:	Construción de nave, equipamento e maquinaria para empresa de servizos de xardinería.
Orzamento presentado	332.274,29 €
Orzamento aceptado	181.184,5€
% Axuda	40,8%
Importe da axuda	73.923,3 €
Concello	Allariz
Certificación	2012 (70%)

Título:	Establecemento de elaboración de comidas “CASA LUCÍA”
Nº expediente:	L11-41300-15-0025
Promotor:	Lucía Cid Blanco
Resumo:	Establecemento de elaboración de comidas artesanais e galegas por encargo, para levar. O investimento do proxecto consiste na reforma do local propiedade da promotora, e da adaptación dos locais para a elaboración de comidas, mediante a compra do equipamentos da cociña, mobiliario e o investimento en equipos informáticos.
Orzamento presentado	253.727,66 €
Orzamento aceptado	215.023,44 €
% Axuda	28,2%
Importe da axuda	60.636,61 €
Concello	Allariz
Certificación	2013 (100%)

Unha vez aportada esta información aos asistentes e non haber pola súa parte ningunha obxección apróbanse os catro proxectos por unanimidade.

3. Acordo, se procede, de cambio de orzamento nas partidas 4.1.1.; 4.1.2.; 4.1.3. da anualidade 2012.

A xerente toma a palabra para explicar que hai medidas para as que non existe apenas demanda e outras nas que faría falta máis inversión polo que se propón un cambio de partidas que quedarían do seguinte modo.

CAMBIO DE PARTIDAS:	€
MEDIDA 4.1.1.	20.777,53
MEDIDA 4.1.2.	3.385,26
MEDIDA 4.1.3. Non produtivos	81.012,63
MEDIDA 4.1.3 _produtivos	105.175,42

O que se procura é buscar un equilibrio entre partidas dacordo coa demanda. O 4.1.3 é a partida máis solicitada e así quedarían cubertos todos os proxectos presentados, ata o de agora con posibilidades de entrar nesta anualidade. José Benito Grande Rodríguez expón que non quedaría orzamento este ano para proxectos non produtivos, a xerente aclara que este ano practicamente non terían tampouco tempo para a súa tramitación completa. Resólvese que, como o orzamento para non produtivos quedaría minguado esta anualidade, se faga unha consulta a concellos e asociacións para planificar o orzamento de non produtivos da vindeira.

As modificacións expostas son aprobadas por unanimidade.

4. Orzamento anual comprometido até maio de 2012.

A xerente explica pormenorizadamente o cadro de orzamento comprometido ata maio de 2012 por proxectos e medidas que tamén serviu como apoio para explicar os cambios orzamentarios entre medidas.

5. Aprobación dos criterios de prioridade de proxectos para anualidade a 2013.

O presidente recorda aos asistentes que, na anterior asemblea, se plantexou a necesidade de establecer uns criterios de prioridade que non fosen só de data de presentación para os proxectos que chegaran nesta segunda metade de ano. A necesidade de establecer límites ven dada pola escaseza orzamentaria.

Expóñense os criterios de prioridade elixidos:

- a. Data de solicitude:
 - i. 1ºT (2011) → 10 puntos
 - ii. 2ºT (2011) → 8 puntos
 - iii. 3ºT (2011) → 6 puntos
 - iv. 4º T(2011) → 4 puntos
 - v. 1ºT (2012) → 2 puntos

- b. Ratio de emprego por investimento
 - i. $R < 50.000 \text{ €}$ → 10 puntos
 - ii. $50.000 \text{ €} < R < 100.000 \text{ €}$ → 5 puntos
 - iii. $R \geq 100.000 \text{ €}$ → 2 puntos

- c. IMRF dos concellos
 - i. IMRF 80-90 → 10 puntos
 - ii. IMRF 91-100 → 5 puntos
 - iii. IMRF + 100 → 2 puntos

Prioridade aos proxectos que máis puntos acaden, cun máximo de 30.
En caso de empate, primar a data de solicitude de axuda

Unha vez expostos os asistentes aproban estes criterios por unanimidade.

6. Convocar Asemblea xeral (data e orde do día).

Exponse a seguinte proposta para a celebración da próxima Asemblea Xeral da asociación:

Data: venres 15 de xuño de 2012

Hora: 17:00 horas

Lugar: Fogar dos maiores (Allariz)

ORDE DO DÍA:

7. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
8. Aprobación das contas do exercicio anterior correspondente á anualidade 2011 e do orzamento do exercicio de 2012.
9. Acordo, se procede, da Renovación Xunta Directiva.
10. Información sobre proxectos presentados e aprobados.
 - a) Proxectos Aprobados e Certificacións da anualidade 2011.
 - b) Información proxectos aprobados (data 01/06/2012)
 - c) Orzamento 2012 de proxectos
11. Informe das actividades desenvolvidas no 2011 e programa 2012.
12. Outros temas de interese.
13. Rogos e preguntas.

Sen haber ningunha outra proposta acórdase por unanimidade a data e orde do día da asemblea.

14. Programa de actividades de divulgación e formación de 2012.

Infórmase aos asistentes das actividades que se están levando a cabo e as que están programadas para próximas datas:

CURSOS:

d. Aptitude empresarial agraria

Marzo- xuño de 2012_Allariz.



FEADER:
Europa inviste no rural



e. Cestería

Xullo –Agosto de 2012_Paderne de Allariz.

f. Apicultura ecolóxica

Xullo de 2012_Vilar de Santos.

OUTRAS ACTIVIDADES:

- g. Convivencia con mozo/as do territorio AVINZA
- h. Video documental_ Aires pro futuro.
- i. Entrega das guías do territorio (prazo dun mes).
- j. Xornada de debate:
A Comercialización dos Produtos Agrarios de Calidade
(xuño de 2012)
- k. Colaboración co Foro La Region.

15. Rogos e preguntas.

Non habendo rogos nen preguntas e sen máis temas a tratar péchase a reunión ás 17:25.

Francisco García Suárez
Presidente

Xabier Rodríguez Oviedo
Secretario